



**SESIÓN ORDINARIA DO  
EXCELENTÍSIMO CONCELLO  
PLENO DE DATA DEZ DE  
SETIEMBRE DE DOUS MIL VINTE**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 10 de setembro de 2020. Baixo a presidencia da **Excmo. Sra. Alcadesa, dona Inés Rey García**, e coa asistencia dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.<sup>a</sup> Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Viloslada, D.<sup>a</sup> Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemin Santos, D.<sup>a</sup> María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.<sup>a</sup> Diana María Sobral Cabanas, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.<sup>a</sup> Rosa María Gallego Neira, D.<sup>a</sup> Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Martín Fernández Prado, D. Roberto García Fernández, D.<sup>a</sup> María Teresa Gutiérrez Roselló, D.<sup>a</sup> María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.<sup>a</sup> María García Gómez, D. Xiao Varela Gómez, D.<sup>a</sup> Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.<sup>a</sup> Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.<sup>a</sup> Avia Veira González e D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema**, reúñese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **Secretario Xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **Interventor Xeral, don Ángel David Murado Codesal**.

Ás dez horas e nove minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e

**SESIÓN ORDINARIA DEL  
EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO  
PLENO DE FECHA DIEZ DE  
SEPTIEMBRE DE DOS MIL VEINTE**

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 10 de septiembre de 2020. Bajo la presidencia de la Excmo. Sra. Alcadesa, doña Inés Rey García, y con la asistencia de los ediles D. José Manuel Lage Tuñas, D.<sup>a</sup> Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Viloslada, D.<sup>a</sup> Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemin Santos, D.<sup>a</sup> María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.<sup>a</sup> Diana María Sobral Cabanas, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.<sup>a</sup> Rosa María Gallego Neira, D.<sup>a</sup> Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Martín Fernández Prado, D. Roberto García Fernández, D.<sup>a</sup> María Teresa Gutiérrez Roselló, D.<sup>a</sup> María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.<sup>a</sup> María García Gómez, D. Xiao Varela Gómez, D.<sup>a</sup> Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.<sup>a</sup> Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.<sup>a</sup> Avia Veira González e D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema*, se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.

*Da fe del acto el infrascrito Secretario General del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez, hallándose además presente el Interventor General, don Ángel David Murado Codesal.*

*A las diez horas y nueve minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se*



pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

## I – PARTE RESOLUTIVA

### Intervencións

#### Presidencia

Moi bo día a todos e a todas, saudamos a todos os membros da Corporación, señor Secretario, señor Interventor, persoal municipal que nos acompaña, así como aos xornalistas acreditados e ás persoas que nos seguen a través da Tribuna de Invitados e tamén do streaming.

Comezamos a sesión ordinaria deste Pleno co asunto número un, son as Comunicacións de Alcaldía.

### COMUNICACIÓN DE ALCALDÍA

#### **126.- Comunicado da Alcaldía sobre a violencia machista.**

En primeiro lugar, e dando cumprimento ó acordo do 14 de setembro de 2015, onde se aprobou por unanimidade unha moción conjunta sobre a violencia de xénero, dentro da cal se adquiría o compromiso de iniciar cada Pleno ordinario gardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior Pleno, cómpre gardar neste caso dez minutos de silencio polas vítimas que a continuación se relacionan.

Infórmase, igualmente, que no total do ano 2020 ata a data do día de hoxe, 10 de setembro de 2020, as cifras oficiais de asasinatos machistas é de 35 e o número de menores orfos e orfas, menores de 18 anos, é de 15.

*pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

## **I – PARTE RESOLUTIVA**

### Intervenciones

#### Presidencia

*Muy buenos días a todos y a todas, saludamos a todos los miembros de la Corporación, señor Secretario, señor Interventor, personal municipal que nos acompaña, así como a los periodistas acreditados y a las personas que nos siguen a través de la Tribuna de Invitados y también en la retransmisión en directo.*

*Comenzamos la sesión ordinaria de este Pleno con el asunto número uno, son las Comunicaciones de Alcaldía.*

### COMUNICACIONES DE ALCALDÍA

#### **126.- Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia machista.**

*En primer lugar, y dando cumplimiento al acuerdo de 14 de septiembre de 2015, donde se aprobó por unanimidad una moción conjunta sobre la violencia de género, dentro de la cual se adquiría el compromiso de iniciar cada Pleno ordinario guardando tantos minutos de silencio como personas fueran asesinadas por el machismo desde el anterior Pleno, procede guardar en este caso diez minutos de silencio por las víctimas que a continuación se relacionan.*

*Se informa, igualmente, que en el total del año 2020 hasta la fecha del día de hoy, 10 de septiembre de 2020, las cifras oficiales de asesinatos machistas es de 35 y el número de menores huérfanos y huérfanas, menores de 18 años, es de 15.*



Desde o Pleno de xullo ata o Pleno de hoxe foron asasinadas dez mulleres.

**CIFRAS OFICIAIS DE ASASINATOS MACHISTAS DESDE O PLENO ORDINARIO DO 02/07/2020 AO PLENO DO 10/09/2020**

1. 14/07/2020 Madalina Neacsu. 31 anos. Torrejón de Ardoz (Madrid).
2. 14/07/2020 Gloria Oriana O. 20 anos. Barcelona (deixa 1 menor de 3 anos de idade).
3. 29/07/2020 Carolina Fumero.43 años. Santa Úrsula (Santa Cruz de Tenerife).
4. 21/07/2020 Lillemor Christina Sundberg, 52 años. Palma de Mallorca.
5. 05/08/2020 Teresa, apelidos non coñecidos. 83 años. Corral-Rubio (Albacete, Castilla La Mancha).
6. 8/08/2020 o 10/08/2020 Anabelina, apelidos non coñecidos, 44 años. Línea de la Concepción (Cádiz).
7. 15/08/2020. Alina Erica, apelidos non coñecidos. 37 años. La Granja de San Ildefonso (Segovia, Castilla- León).
8. 19/08/2020 Rosalía F.M. 61 años. Murcia.
9. 23/08/2020 Yesica Daniela Gularte. 33 años. Valencia.
10. 29/08/2020 Saloua A. 40 años. Águilas (Murcia) (deixa dous fillos menores de 10 e 14 anos).

Solicito que nos poñamos en pé para gardar dez minutos de silencio.

*Desde el Pleno de julio hasta el Pleno de hoy fueron asesinadas diez mujeres.*

***CIFRAS OFICIALES DE ASESINATOS MACHISTAS DESDE El PLENO ORDINARIO DEL 02/07/2020 AL PLENO DEL 10/09/2020***

1. *14/07/2020 Madalina Neacsu. 31 años. Torrejón de Ardoz (Madrid).*
2. *14/07/2020 Gloria Oriana O. 20 años. Barcelona (deja 1 menor de 3 años de edad).*
3. *29/07/2020 Carolina Fumero.43 años. Santa Úrsula (Santa Cruz de Tenerife).*
4. *21/07/2020 Lillemor Christina Sundberg, 52 años. Palma de Mallorca.*
5. *05/08/2020 Teresa, apellidos no conocidos. 83 años. Corral-Rojizo (Albacete, Castilla La Mancha).*
6. *8/08/2020 el 10/08/2020 Anabelina, apellidos no conocidos, 44 años. Línea de la Concepción (Cádiz).*
7. *15/08/2020. Alina Erica, apellidos no conocidos. 37 años. La Granja de San Ildefonso (Segovia, Castilla- León).*
8. *19/08/2020 Rosalía F.M. 61 años. Murcia.*
9. *23/08/2020 Yesica Daniela Gularte. 33 años. Valencia.*
10. *29/08/2020 Saloua La. 40 años. Águilas (Murcia) (deja dos hijos menores de 10 y 14 años).*

*Solicito que nos pongamos en pie para guardar diez minutos de silencio.*



**Postos en pé, gárdanse 10 minutos de silencio.**

Moitas grazas a todos e a todas.

**127.- Declaración Institucional con motivo do caso Fuenlabrada.**

**Presidencia**

Paso a continuación a dar lectura á Declaración Institucional relativa ó caso Fuenlabrada acordada por todos os Grupos Municipais. Tras a lectura da mesma haberá un turno extraordinario de intervencións de tres minutos.

Diante dos feitos ocorridos na Coruña durante o mes de xullo e agosto que, coñecidos como “caso Fuenlabrada”, provocaron graves prejuízos sanitarios, económicos e deportivos á cidade, o Pleno do Concello da Coruña por unanimidade quere emitir a seguinte Declaración Institucional:

Desde principios do presente ano de 2020, todos vimos realizando un enorme esforzo para conter dentro do posible as terribles consecuencias da pandemia da covid-19. As importantes restricións, como o longo confinamento, atoparon unha resposta exemplar por parte da cidadanía, que con moi escasas excepcións continúa a día de hoxe a seguir escrupulosamente as medidas das distintas Administracións para frear o virus. Este sacrificio supuxo e supón un enorme reto diario que atinxer a todas e todos. Polo tanto, ningunha institución ou sector, por moi importante que sexa ou que se sinta, está por riba destas normas, dispostas para cuidar do máis relevante que temos: a saúde pública.

***Puestos en pie, se guardan 10 minutos de silencio.***

*Muchas gracias a todos y a todas.*

***127.- Declaración Institucional con motivo del caso Fuenlabrada.***

**Presidencia**

*Paso a continuación a dar lectura a la Declaración Institucional relativa al caso Fuenlabrada acordada por todos los Grupos Municipales. Tras la lectura de la misma habrá un turno extraordinario de intervenciones de tres minutos.*

*Ante los hechos ocurridos en A Coruña durante el mes de julio y agosto que, conocidos como “caso Fuenlabrada”, provocaron graves perjuicios sanitarios, económicos y deportivos a la ciudad, el Pleno del Ayuntamiento de A Coruña por unanimidad quiere emitir la siguiente Declaración Institucional:*

*Desde principios del presente año de 2020, todos venimos realizando un enorme esfuerzo para contener dentro de lo posible las terribles consecuencias de la pandemia de la covid-19. Las importantes restricciones, como el largo confinamiento, encontraron una respuesta ejemplar por parte de la ciudadanía, que con muy escasas excepciones continúa a día de hoy siguiendo escrupulosamente las medidas de las distintas Administraciones para frenar el virus. Este sacrificio supuso y supone un enorme reto diario que concierne a todas y todos. Por lo tanto, ninguna institución o sector, por muy importante que sea o que se sienta, está por encima de estas normas, dispuestas para cuidar de lo más relevante que tenemos: la salud pública.*



O pasado luns 20 de xullo, o Club de Fútbol Fuenlabrada, co aval da Liga de Fútbol Profesional, viaxou á Coruña e se instalou na cidade a pesar de que desde dous días antes sabía da existencia dun brote de covid-19 no equipo, malia o cal se desprazaron en avión e autobús e acudiron e se moveron polas instalacións dun céntrico hotel. Finalmente, ao descubrirse a gran dimensión do brote, a expedición tivo que ficar en corentena causándolle, polo efecto mediático, un enorme prexuízo á actividade económica da cidade, así como impidiendo, tras a inxusta decisión da Liga de disputar o resto da xornada, que o Real Club Deportivo puidese defender, en igualdade de condicións, a súa permanencia en Segunda división. Polo tanto, nin o Fuelanbrada nin a Liga actuaron como indican as normas, causando un forte dano sanitario, económico e deportivo á Coruña.

Por todos os feitos ocorridos, manifestar polo tanto:

O seu recoñecemento cara ao RC Deportivo e o seu apoio a todas as accións e medidas que adopte o Consello de Administración para defender os seus lícitos intereses deportivos e sociais.

A súa solidariedade co capitán deportivista, Álex Bergantiños, un exemplo como xogador, como capitán e como persoa, e un referente para o deportivismo pola súa implicación, determinación e entrega na defensa dos valores deportivistas, demandando do Goberno do Estado a apertura dunha investigación e a depuración de responsabilidades pola detención

*El pasado lunes 20 de julio, el Club de Fútbol Fuenlabrada, con el aval de la Liga de Fútbol Profesional, viajó a A Coruña y se instaló en la ciudad a pesar de que desde dos días antes sabía de la existencia de un brote de covid-19 en el equipo, a pesar de lo cual se desplazaron en avión y autobús y acudieron y se movieron por las instalaciones de un céntrico hotel. Finalmente, al descubrirse la gran dimensión del brote, la expedición tuvo que permanecer en cuarentena causándole, por el efecto mediático, un enorme perjuicio a la actividad económica de la ciudad, así como impidiendo, tras la injusta decisión de la Liga de disputar el resto de la jornada, que el Real Club Deportivo pudiera defender, en igualdad de condiciones, su permanencia en Segunda división. Por lo tanto, ni el Fuelanbrada ni la Liga actuaron como indican las normas, causando un fuerte daño sanitario, económico y deportivo a A Coruña.*

*Por todos los hechos ocurridos, manifestar por lo tanto:*

*Su reconocimiento hacia el RC Deportivo y su apoyo a todas las acciones y medidas que adopte el Consejo de Administración para defender sus lícitos intereses deportivos y sociales.*

*Su solidaridad con el capitán deportivista, Álex Bergantiños, un ejemplo como jugador, como capitán y como persona, y un referente para el deportivismo por su implicación, determinación y entrega en la defensa de los valores deportivistas, demandando del Gobierno del Estado la apertura de una investigación y la depuración de responsabilidades por la detención*



irregular de Álex Bergantiños.

O seu rexeitamento máis absoluto á actitude hostil mostrada pola Liga de Fútbol Profesional cara ao Real Club Deportivo, un dos seus membros fundadores e con maior palmarés, sen xustificación alguna.

O seu apoio a todas as accións legais que se impulsen para esixir responsabilidades por todo o acontecido. Esixir da Liga de Fútbol Profesional a reparación dos danos na imaxe da cidade que a viaxe do Club de Fútbol Fuenlabrada causou, e que tivo graves consecuencias económicas polo impacto no turismo e na hostalaría, trasladando o apoio do Concello a este sector afectado.

Así mesmo, considera imprescindible:

Que a Presidenta do Consejo Superior de Deportes, Irene Lozano Moreno, presente a súa dimisión e, de non facelo, a que o Goberno de Estado proceda ao seu cesamento, por premiar coa súa decisión do 27 de agosto de apoiar unha liga de 22 equipos a quen incumpriu as normas deportivas e sanitarias e castigar ás únicas vítimas que cumpriron con todo en todo momento, e converterse desde ese momento en cómplice dos reiterados incumplimentos da LFP e da Sociedade Deportiva Fuenlabrada, das manobras de Javier Tebas pai e de Javier Tebas fillo e dos seus escuros intereses familiares relacionados co Club de Fútbol Fuenlabrada.

Que o Goberno do Estado inste ante o Consello Superior de Deportes a inhabilitación de Javier Tebas como Presidente da Liga de Fútbol Profesional.

*irregular de Álex Bergantiños.*

*Su rechazo más absoluto a la actitud hostil mostrada por la Liga de Fútbol Profesional hacia el Real Club Deportivo, uno de sus miembros fundadores y con mayor palmarés, sin justificación alguna.*

*Su apoyo a todas las acciones legales que se impulsen para exigir responsabilidades por todo lo sucedido. Exigir de la Liga de Fútbol Profesional la reparación de los daños en la imagen de la ciudad que el viaje del Club de Fútbol Fuenlabrada causó, y que tuvo graves consecuencias económicas por el impacto en el turismo y en la hostelería, trasladando el apoyo del Ayuntamiento a este sector afectado.*

*Asimismo, considera imprescindible:*

*Que la Presidenta del Consejo Superior de Deportes, Irene Lozano Moreno, presente su dimisión y, de no hacerlo, a que el Gobierno de Estado proceda a su cese, por premiar con su decisión de 27 de agosto de apoyar una liga de 22 equipos a quienes incumplieron las normas deportivas y sanitarias y castigar a las únicas víctimas que cumplieron con todo en todo momento, y convertirse desde ese momento en cómplice de los reiterados incumplimientos de la LFP y de la Sociedad Deportiva Fuenlabrada, de las maniobras de Javier Tebas padre y de Javier Tebas hijo y de sus oscuros intereses familiares relacionados con el Club de Fútbol Fuenlabrada.*

*Que el Gobierno del Estado inste ante el Consejo Superior de Deportes la inhabilitación de Javier Tebas como Presidente de la Liga de Fútbol Profesional.*



Reprobar ao presidente da Liga de Fútbol Profesional, Javier Tebas Medrano, polos seus ataques e comentarios despectivos cara ao Real Club Deportivo, a pesar de recoñecer que foi o máximo responsable de permitir viaxar á expedición do Club de Fútbol Fuenlabrada a nosa cidade sendo coñecedor da existencia de varios contaxiados desde polo menos dous días antes e, por tanto, poñendo en perigo a saúde dos coruñeses, coa súa declaración como persoa non grata na cidade da Coruña.

Esixir ao Delegado do Goberno en Galicia e exalcalde da Coruña, Javier Losada, a rectificar as súas declaracions nas que apoiaba a incomprendible actuación do CSD en lugar de defender ao Real Club Deportivo e a súa cidade.

Por último, o Pleno do Concello reafirma o seu compromiso coa saúde pública e agradece publicamente o comportamento da cidadanía na grave crise que atravesamos. Así mesmo, amosa o seu recoñecemento a todas as persoas e institucións que apoiaron á cidade, así como agradece que a Real Federación Española de Fútbol si cumprise coas súas obrigas institucionais. Así mesmo, este Pleno lanza de novo un berro de apoio a un dos grandes símbolos e motores económicos da cidade, o Real Club Deportivo, que nestes complicados intres seguirá tendo aquí, en María Pita, un aliado, así como nos milleiros de coruñeses e coruñesas que volverán dar un exemplo de amor ao branquiazul na tempada que está a piques de comezar. A Coruña é unha cidade orgullosa e con valores. Seguirémolo demostrando.

*Reprobar al presidente de la Liga de Fútbol Profesional, Javier Tebas Medrano, por sus ataques y comentarios despectivos hacia el Real Club Deportivo, a pesar de reconocer que fue el máximo responsable de permitir viajar a la expedición del Club de Fútbol Fuenlabrada a nuestra ciudad siendo conocedor de la existencia de varios contagiados desde por lo menos dos días antes y, por tanto, poniendo en peligro la salud de los coruñeses, con su declaración como persona non grata en la ciudad de A Coruña.*

*Exigir al Delegado del Gobierno en Galicia y exalcalde de A Coruña, Javier Losada, a rectificar sus declaraciones en las que apoyaba la incomprendible actuación del CSD en lugar de defender al Real Club Deportivo y su ciudad.*

*Por último, el Pleno del Ayuntamiento reafirma su compromiso con la salud pública y agradece públicamente el comportamiento de la ciudadanía en la grave crisis que atravesamos. Asimismo, muestra su reconocimiento a todas las personas e instituciones que apoyaron a la ciudad, así como agradece que la Real Federación Española de Fútbol sí cumpliera con sus deberes institucionales. Asimismo, este Pleno lanza de nuevo un grito de apoyo a uno de los grandes símbolos y motores económicos de la ciudad, el Real Club Deportivo, que en estos complicados momentos seguirá teniendo aquí, en María Pita, un aliado, así como en los millares de coruñeses y coruñesas que volverán a dar un ejemplo de amor al branquiazul en la temporada que está a punto de comenzar. A Coruña es una ciudad orgullosa y con valores. Lo seguiremos demostrando.*



Moitas grazas, iniciamos xa a quenda extraordinaria de palabra.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera Caselas.

**Señor Jorquera Caselas**

Grazas, señora alcaldesa.

No último Pleno, parafraseando o poemario de Xosé Luís Méndez Ferrín con “Pólvora e magnolias”, repartía pólvora —por suposto en sentido figurado— a Javier Tebas, e hoxe polos mesmos motivos sumámonos á Declaración Institucional e á consideración de Javier Tebas como persoa non grata na cidade da Coruña. Persoa non grata polo seu comportamento irresponsábel, poñendo en perigo a saúde pública e causándolle un grave prexuízo reputacional e económico a esta cidade. Persoa non grata porque temos memoria e non esquecemos cando intentou fixar a responsabilidade do asasinato de Jimmy nos seareiros do Deportivo. Quizá porque o señor Tebas é un fascista declarado, e por iso en vez de contribuír a que se esclarecesen os feitos e se fixese xustiza, preferiu amparar ós nazis do Frente Atlético actuando como un encubridor de asesinos. E persoa non grata porque o fútbol profesional non pode ser gobernado, como se fose a súa finca particular, por unha persoa que se comporta como un capo mafioso. Non é unha *boutade*, é unha definición.

Comportouse como un capo mafioso ó ocultar información sobre os positivos do Fuenlabrada e saltar deliberadamente todos os protocolos sanitarios para crear unha situación de feito que evitase a

*Muchas gracias, iniciamos ya el turno extraordinario de palabra.*

*Por el Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera Caselas.*

**Señor Jorquera Caselas**

*Gracias, señora alcaldesa.*

*En el último Pleno, parafraseando el poemario de Xosé Luis Méndez Ferrín con “Pólvora y magnolias”, repartía pólvora —por supuesto en sentido figurado— a Javier Tebas, y hoy por los mismos motivos nos sumamos a la Declaración Institucional y a la consideración de Javier Tebas como persona non grata en la ciudad de A Coruña. Persona non grata por su comportamiento irresponsable, poniendo en peligro la salud pública y causándole un grave perjuicio reputacional y económico a esta ciudad. Persona non grata porque tenemos memoria y no olvidamos cuando intentó fijar la responsabilidad del asesinato de Jimmy en los hinchas del Deportivo. Quizá porque el señor Tebas es un fascista declarado, y por eso en vez de contribuir a que se esclarecieran los hechos y se hiciera justicia, prefirió amparar a los nazis del Frente Atlético actuando como un encubridor de asesinos. Y persona non grata porque el fútbol profesional no puede ser gobernado, como si fuera su finca particular, por una persona que se comporta como un capo mafioso. No es una boutade, es una definición.*

*Se comportó como un capo mafioso al ocultar información sobre los positivos del Fuenlabrada y saltarse deliberadamente todos los protocolos sanitarios para crear una situación de*



suspensión da última xornada de Liga, como establecía a norma.

*hecho que evitara la suspensión de la última jornada de Liga, como establecía la norma.*

Compórtase como un capo mafioso quen actúa como xuíz e parte, pois agora sabemos que en 2018 ofertou os seus servizos como asesor ó Fuenlabrada Club de Fútbol a cambio de 130.000 €, que o seu fillo é o avogado e Secretario do Fuenlabrada Club de Fútbol e que, na práctica, o señor Tebas goberna o Fuenlabrada a través de persoas interpostas, persoas interpostas como o señor Proena, sobre o que por certo pesan denuncias de estafa inmobiliaria ó deixar sen casa a 24 familias despois de que aboasen 50.000 € cada unha para desviar fondos para o Fuenlabrada.

E compórtase como un capo mafioso quen utiliza as súas influencias no aparello policial para forzar a escandalosa detención de Álex Bergantiños, detido por axentes procedentes de Madrid, en plena rúa e en presenza da súa familia, como si fosse un perigoso delincuente ou estivese a piques de cometer un delito irreparable, froito dunha operación policial que se puxo en marcha antes de que a denuncia fosse asinada e presentada en comisaría. Denuncia feita —como apuntou a propia xuíz— sen achegar ningún elemento obxectivo e serio de proba, até o punto de que a xuíz cualificou a actuación de sorprendente, o arresto de intempestivo, e afirmou que se malgastaron recursos públicos sen motivo.

Por iso congratulámonos de que na Declaración se inste a demandar do Goberno do Estado a apertura dunha investigación e a depuración de responsabilidades pola detención irregular de Álex Bergantiños e que se

*Se comporta como un capo mafioso quien actúa como juez y parte, pues ahora sabemos que en 2018 ofertó sus servicios como asesor al Fuenlabrada Club de Fútbol a cambio de 130.000 €, que su hijo es el abogado y Secretario del Fuenlabrada Club de Fútbol y que, en la práctica, el señor Tebas gobierna el Fuenlabrada a través de personas interpuestas, personas interpuestas como el señor Proena, sobre el que por cierto pesan denuncias de estafa inmobiliaria al dejar sin casa a 24 familias después de que abonaran 50.000 € cada una para desviar fondos para el Fuenlabrada.*

*Y se comporta como un capo mafioso quien utiliza sus influencias en el aparato policial para forzar la escandalosa detención de Álex Bergantiños, detenido por agentes procedentes de Madrid, en plena calle y en presencia de su familia, como si fuera un peligroso delincuente o estuviera a punto de cometer un delito irreparable, fruto de una operación policial que se puso en marcha antes de que la denuncia fuera firmada y presentada en comisaría. Denuncia hecha —como apuntó la propia jueza— sin aportar ningún elemento objetivo y serio de prueba, hasta el punto de que la jueza calificó la actuación de sorprendente, el arresto de intempestivo, y afirmó que se malgastaron recursos públicos sin motivo.*

*Por eso nos congratulamos de que en la Declaración se inste a demandar del Gobierno del Estado la apertura de una investigación y la depuración de responsabilidades por la detención irregular de Álex Bergantiños y que se*



inste ante o Consello Superior de Deportes a inhabilitación de Javier Tebas como presidente da Liga de Fútbol Profesional, porque se todos estes feitos son sorprendentes e indignantes, non é menos sorprendente e indignante que o Consello Superior de Deportes mirase para outro lado.

Agora o Goberno anuncia que levará a Tebas á Fiscalía, e aledámonos, pero non é menos certo que o CSD preferiu mirar para outro lado ante as solicitudes de iniciar o procedemento para a inhabilitación de Javier Tebas, pese a que a Lei do Deporte, no seu artigo 43.c habilita o CSD para facelo. E non é menos certo que o CSD preferiu inhibirse á hora de arbitrar unha solución que reparase a inxustiza cometida.

Por todas estas razóns, aledámonos de que fose posíbel esta declaración institucional, aledámonos moito de que fose posíbel unha posición unánime da Corporación, porque entendemos que é de xustiza.

Moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señora García.

### **Señora García Gómez**

Bos días a todas e a todos.

En primeiro lugar, enviar un saúdo da Marea Atlántica a todas as persoas que van seguindo este Pleno.

O caso Fuenlabrada é un episodio negro

*inste ante el Consejo Superior de Deportes la inhabilitación de Javier Tebas como presidente de la Liga de Fútbol Profesional, porque si todos estos hechos son sorprendentes e indignantes, no es menos sorprendente e indignante que el Consejo Superior de Deportes mirara para otro lado.*

*Ahora el Gobierno anuncia que llevará a Tebas a la Fiscalía, y nos alegramos, pero no es menos cierto que el CSD prefirió mirar para otro lado ante las solicitudes de iniciar el procedimiento para la inhabilitación de Javier Tebas, pese a que la Ley del Deporte, en su artículo 43.c habilita al CSD para hacerlo. Y no es menos cierto que el CSD prefirió inhibirse a la hora de arbitrar una solución que reparara la injusticia cometida.*

*Por todas estas razones, nos alegramos de que fuera posible esta declaración institucional, nos alegramos mucho de que fuera posible una posición unánime de la Corporación, porque entendemos que es de justicia.*

*Muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

*Pola Marea Atlántica, señora García.*

### **Señora García Gómez**

*Buenos días a todas y a todos.*

*En primer lugar, enviar un saludo de la Marea Atlántica a todas las personas que van siguiendo este Pleno.*

*El caso Fuenlabrada es un episodio*



e vergoñento, absolutamente impropio dunha democracia madura no século XXI. Empeza coa irresponsabilidade inaceptable —despois de case 30.000 persoas falecidas por coronavirus— de trasladar a un equipo de xogadores con seis positivos confirmados saltándose tódolos protocolos sanitarios de obrigado cumprimento; continúa coa deturpación da competición, con grandes danos, non só para o Deportivo, senón tamén para toda a cidade; prosigue coa perseveranza nas irregularidades e nos comportamentos delituosos, o trato de favor, a falta de respecto constante, a prepotencia de quen se sinte inviolable e á marxe de toda lei e de toda ética.

A actitude obstrucionista de LaLiga no esclarecemento dos feitos, a manipulación das Forzas de Seguridade e o abuso de autoridade na detención de Álex Bergantiños, a covardía si, covardía, do Goberno de Madrid mercadeando dende o Consello Superior de Deportes cun proceso inxusto, sen castigo nin sanción, e que rexeita a reparación, tanto ao deportivismo como á cidade. Que lle pasa, que lle pasa ao PSOE coa cidade da Coruña?

Un tráxico episodio para a nosa democracia ao que se lle poden poñer nomes e apelidos. En primeiro lugar o do presidente da Liga, Javier Tebas, que efectivamente ten unha traxectoria absolutamente insopportable e reiterada de ofensa e de atentado contra a dignidade das persoas e do deportivismo. Tamén o nome de quen tolera e acata, con Irene Lozano dende a cúspide do Goberno encabezado por Pedro Sánchez en Madrid.

*negro y vergonzante, absolutamente impropio de una democracia madura en el siglo XXI. Empieza con la irresponsabilidad inaceptable —después de casi 30.000 personas fallecidas por coronavirus— de trasladar a un equipo de jugadores con seis positivos confirmados saltándose todos los protocolos sanitarios de obligado cumplimiento; continúa con la perversión de la competición, con grandes daños, no solo para el Deportivo, sino también para toda la ciudad; prosigue con la perseverancia en las irregularidades y en los comportamientos delictivos, el trato de favor, la falta de respeto constante, la prepotencia de quien se siente inviolable y al margen de toda ley y de toda ética.*

*La actitud obstrucionista de LaLiga en el esclarecimiento de los hechos, la manipulación de las Fuerzas de Seguridad y el abuso de autoridad en la detención de Álex Bergantiños, la cobardía, sí, covardía, del Goberno de Madrid mercadeando desde el Consejo Superior de Deportes con un proceso injusto, sin castigo ni sanción, y que rechaza la reparación, tanto al deportivismo como a la ciudad. ¿Qué le pasa, qué le pasa al PSOE con la ciudad de A Coruña?*

*Un trágico episodio para nuestra democracia al que se le puede poner nombres y apellidos. En primer lugar el del presidente de la Liga, Javier Tebas, que efectivamente tiene una trayectoria absolutamente insopportable y reiterada de ofensa y de atentado contra la dignidad de las personas y del deportivismo. También el nombre de quien tolera y acata, con Irene Lozano desde la cúspide del Gobierno encabezado por Pedro Sánchez en Madrid.*



As consecuencias son de extrema dureza tanto para o noso club, pero transcendan tamén o ámbito deportivo e afectan á hostalería, afectan á cidade, afectan a súa economía, afectan a súa honra, afectan a súa dignidade e ao mesmo funcionamento democrático das institucións que están aquí para protexer as garantías e a xustiza.

Procede, procede certamente, unha resposta contundente e unánime desta Corporación. A Marea Atlántica vai estar á altura do que demanda a ciudadanía e do que demanda o deportivismo, apoando unha declaración institucional que xa tiña que ter chegado a este Pleno moito antes. Apoiamos esta declaración unánime do Pleno, pero non podemos deixar de ser críticos co xeito en que se xestou este posicionamento común. Críticos pola improvisación dos últimos días, malia que a Alcaldía ten unha proposta de declaración institucional da Marea Atlántica desde o 22 de xullo, desde hai máis de mes e medio, que exixía precisamente a reparación dos danos pola tremenda irresponsabilidade sanitaria, que apoiaba as medidas legais emprendidas dende as diferentes Administracións, que trasladaba o apoio desta Corporación ao deportivismo, e que declaraba a Tebas —como non pode ser doutra maneira— persoa non grata nesta cidade.

Pero somos críticos tamén porque nós entendemos que dende o Goberno non se actuou con boa fe, e se realmente importaba —como importa— un posicionamiento unánime desta Corporación, houbo tres oportunidades de acadalo moito antes, en primeiro lugar con esa declaración no Pleno de xullo, un

*Las consecuencias son de extrema dureza tanto para nuestro club, pero trascienden también el ámbito deportivo y afectan a la hostelería, afectan a la ciudad, afectan a su economía, afectan a su honra, afectan a su dignidad y al mismo funcionamiento democrático de las instituciones que están aquí para proteger las garantías y la justicia.*

*Procede, procede ciertamente, una respuesta contundente y unánime de esta Corporación. La Marea Atlántica va a estar a la altura de lo que demanda la ciudadanía y de lo que demanda el deportivismo, apoyando una declaración institucional que ya tenía que haber llegado a este Pleno mucho antes. Apoyamos esta declaración unánime del Pleno, pero no podemos dejar de ser críticos con la manera en que se gestó este posicionamiento común. Críticos por la improvisación de los últimos días, a pesar de que la Alcaldía tiene una propuesta de declaración institucional de la Marea Atlántica desde el 22 de julio, desde hace más de mes y medio, que exigía precisamente la reparación de los daños por la tremenda irresponsabilidad sanitaria, que apoyaba las medidas legales emprendidas desde las diferentes Administraciones, que trasladaba el apoyo de esta Corporación al deportivismo, y que declaraba a Tebas —como no puede ser de otra manera— persona non grata en esta ciudad.*

*Pero somos críticos también porque nosotros entendemos que desde el Gobierno no se actuó con buena fe, y si realmente importaba —como importa— un posicionamiento unánime de esta Corporación, hubo tres oportunidades de conseguirlo mucho antes, en primer lugar con esa declaración en el Pleno de julio,*



Pleno extraordinario no que se poden debater declaracóns, como se debaten, por exemplo, as peticións ós orzamentos da Xunta, ou hoxe mesmo, coas dúas mocóns que se presentaron tanto dende o Partido Popular como dende a Marea Atlántica, á vista do bloqueo dunha declaración institucional. Ningunha destas tres opcións valeu, porque aquí, en realidade, o que estaba en discussión era quen se sacaba a foto, a foto de sempre.

Entendemos que non é positivo para a cidade que desde Alcaldía se traslade unha división inexistente neste Pleno, pois estamos todos de acordo en que o caso Fuenlabrada é gravísimo, en que o deportivismo necesita apoio e en que hai que tomar, adoptar medidas legais para sancionar tales comportamentos. Estamos todos de acuerdo. Esa división non existe, se trata simplemente de baixar á arena, realmente, con humildade, e poñerse de acordo (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**) coas forzas presentes.

Hoxe vimos aquí, en realidade, a falar do Deportivo, do deportivismo e da cidade, que non merecen padecer as miserias da política raquítica. A maiores, apoiaremos, por suposto, esta declaración institucional, antepoñendo —como facemos sempre, e creo que non se lle pode reprochar á Marea Atlántica en ningún momento— os intereses da cidade e do deportivismo. (**Óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención**) (...) que ao longo deste infame percorrido polas miserias do poder e dos poderosos ten dado unha auténtica lección de dignidade, de elegancia, de deportividade, e é un orgullo pedir o

*un Pleno extraordinario en el que se pueden debatir declaraciones, como se debaten, por ejemplo, las peticiones a los presupuestos de la Xunta, u hoy mismo, con las dos mociones que se presentaron tanto desde el Partido Popular como desde la Marea Atlántica, a la vista del bloqueo de una declaración institucional. Ninguna de estas tres opciones valió, porque aquí, en realidad, lo que estaba en discusión era quién se sacaba la foto, la foto de siempre.*

*Entendemos que no es positivo para la ciudad que desde Alcaldía se traslade una división inexistente en este Pleno, pues estamos todos de acuerdo en que el caso Fuenlabrada es gravísimo, en que el deportivismo necesita apoyo y en que hay que tomar, adoptar medidas legales para sancionar tales comportamientos. Estamos todos de acuerdo. Esa división no existe, se trata simplemente de bajar a la arena, realmente, con humildad, y ponerse de acuerdo (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención) con las fuerzas presentes.*

*Hoy venimos aquí, en realidad, a hablar del Deportivo, del deportivismo y de la ciudad, que no merecen padecer las miserias de la política raquítica. Además, apoyaremos, por supuesto, esta declaración institucional, anteponiendo —como hacemos siempre, y creo que no se le puede reprochar a la Marea Atlántica en ningún momento— los intereses de la ciudad y del deportivismo. (Se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención) (...) que a lo largo de este infame recorrido por las miserias del poder y de los poderosos ha dado una auténtica lección de dignidad, de elegancia, de deportividad, y es un*



apoio que merece, xogue onde xogue, que merece máis que nunca.

*orgullo pedir el apoyo que merece, juegue donde juegue, que merece más que nunca.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora García.

*Muchas gracias, señora García.*

Polo Partido Popular, señor Rodríguez.

*Por el Partido Popular, señor Rodríguez.*

### **Señor Rodríguez Martínez**

*Bos días a toda a Corporación, a os funcionarios municipais, a os representantes dos medios de comunicación e a quen nos seguen ou acompañan na Tribuna ou na retransmisión en directo.*

Buenos días a toda la Corporación, a los funcionarios municipales, a los representantes de los medios de comunicación y a quienes nos siguen o acompañan en la Tribuna o a través de “streaming”.

*Quero comenzar a miña intervención felicitando a alcadesa, e felicítola por recapacitar, por ver o seu erro e darse de conta de que o deportivismo e a cidade querían unanimidade, e felicitámla áinda que o fixera na tarde de onte, cando viu que a súa declaración era maioritariamente rexeitada. Aínda que fose a escasas horas deste Pleno, entendeu que no podía impoñer a unanimidade despois de dous meses nos que ignorou por completo á oposición, un preocupante tic sanchista, hai que dicirlo. A unanimidade son eu: non, a unanimidade somos todos.*

Quiero comenzar mi intervención felicitando a la alcadesa, y la felicito por haber recapacitado, por haber visto su error y haberse dado cuenta de que el deportivismo y la ciudad querían unanimidad, y la felicitamos aunque lo haya hecho en la tarde de ayer, cuando vio que su declaración era mayoritariamente rechazada. Aunque fuese a escasas horas de este Pleno, entendió que no podía imponer la unanimidad después de dos meses en los que ignoró por completo a la oposición, un preocupante tic sanchista, hay que decírselo. La unanimidad soy yo: no, la unanimidad somos todos.

*Esta declaración era unha declaración descafeinada que, en certa medida, o que pretendía era furtar o debate e a votación das mociones que previamente presentaran senllos Grupos da oposición.*

Esta declaración era una declaración descafeinada que, en cierta medida, lo que pretendía era hurtar el debate y la votación de las mociones que previamente habían presentado sendos Grupos de la oposición.

*Por que non se buscó esa unanimidade*

*¿Por qué no se buscó esa unanimidad*



*hai dous meses? Por que non se convocou antes á Xunta de Portavoces, nin unha sola vez, para falar deste asunto? Nin unha sola chamada a ningún Grupo Municipal para acordar accións ou simplemente para informar do que se estaba facendo, pese a que xa todos nos manifestáramos publicamente a darlle o noso apoio.*

*Por que solo vén a pedir a unanimidade únicamente cando a oposición presenta as súas iniciativas e toca levantar a man e votar?*

*Dicimos que a súa proposta de declaración era descafeinada, por que? Porque tentaba branquear a actuación do CSD coa súa presidenta, Irene Lozano á fronte, ó pedir unha dimisión condicionada a unha posible liga de 24. Por iso, novamente, aplaudimos que finalmente integrara, escoitando á cidade e ós seus lexítimos representantes, todas as iniciativas incluídas nas mociones, non so deste Grupo, senón tamén no resto dos Grupos.*

*Pero é que, ademais, Irene Lozano xa se pronunciou o 27 de agosto a favor de Tebas e do Fuenlabrada e en contra da liga de 24, do Deportivo e da cidade da Coruña, e volvaise a pronunciar antonte, e de novo a favor de Tebas e do Fuenlabrada e en contra da liga de 24, do Deportivo e da Coruña.*

*Pasou o momento dos condicionantes. Só caben dúas palabras: Lozano dimisión. E a súa dimisión ten que ser inmediata, e se non se produce, o seu cesamento ten que ser fulminante. E debería, ademais, ir acompañada das explicacións que levaron ó Goberno para cambiar de opinión respecto da temeridade do Fuenlabrada e a Liga. De verdade*

*hace dos meses? ¿Por qué no se convocó antes a la Junta de Portavoces, ni una sola vez, para hablar de este asunto? Ni una sola llamada a ningún Grupo Municipal para consensuar acciones o simplemente para informar de lo que se estaba haciendo, pese a que ya todos nos habíamos manifestado públicamente a darle nuestro apoyo.*

*¿Por qué solo se viene a pedir la unanimidad únicamente cuando la oposición presenta sus iniciativas y toca levantar la mano y votar?*

Decimos que su propuesta de declaración era descafeinada, ¿por qué? Porque intentaba blanquear la actuación del CSD con su presidenta, Irene Lozano al frente, al pedir una dimisión condicionada a una posible liga de 24. Por eso, nuevamente, aplaudimos que finalmente integrara, escuchando a la ciudad y a sus legítimos representantes, todas las iniciativas incluidas en las mociones, no solo de este Grupo, sino también en el resto de los Grupos.

Pero es que, además, Irene Lozano ya se había pronunciado el 27 de agosto a favor de Tebas y del Fuenlabrada y en contra de la liga de 24, del Deportivo y de la ciudad de A Coruña, y se volvió a pronunciar anteayer, y de nuevo a favor de Tebas y del Fuenlabrada y en contra de la liga de 24, del Deportivo y de A Coruña.

Pasó el momento de los condicionantes. Solo caben dos palabras: Lozano dimisión. Y su dimisión tiene que ser inmediata, y si no se produce, su cese tiene que ser fulminante. Y debería, además, ir acompañada de las explicaciones que llevaron al Gobierno a cambiar de opinión respecto de la temeridad del Fuenlabrada y la Liga. ¿De



*cremos que isto sería igual, acabaría da mesma maneira, se no canto do Dépor encima da mesa do CSD estivese un club vasco ou un club catalán? Evidentemente, non. A decisión socialista do CSD —porque é unha decisión política— de descender ao Deportivo é, como dicimos, unha decisión na que abdica da súa responsabilidade e, en lugar de facer xustiza, o que fai é premiar aos incumplidores e castigar ós inocentes. Pero é que os tempos esixían unha solución que por fuerza tiña que ser política, e a solución foi un absoluto fracaso político. Coa súa decisión, o CSD, o Goberno socialista, o PSOE, branquea todos os conchabeos, os desprecios, as intimidacións sufridas por Deportivo e deportivismo a mans de Tebas e Fuenlabrada e avala o atropelo ao Club e á cidade. De nada nos vale que agora poña en coñecemento de Fiscalía de determinados feitos, que só faltaría! Non llo imos a agradecer, é a súa obrigación, pero iso nin resarce ao Deportivo —que seguimos en Segunda B— nin tampouco fai xustiza.*

*Pero o fracaso político non foi só do Goberno socialista de Sánchez, o fracaso político tamén foi do PSOE coruñés. O Deportivo está en Segunda B, non porque fixese unha tempada péssima —que a fixo—, non porque a última xornada se celebrara en condicións en que nunca tiña que terse celebrado —que tamén—, está en Segunda B porque o PSOE coruñés non pinta nada para o PSOE nacional. Cantas xestións se realizaron, e con quen? Cantas chamadas se fixeron para lograr xustiza deportiva? Cantas reunións houbo? Cantas veces se foi a Madrid para facerse ver e oír? Se non as houbo, inxustificable, e se as houbo, un fracaso*

verdad creemos que esto hubiera sido igual, hubiera acabado de la misma manera, si en vez del Dépor encima de la mesa del CSD hubiese estado un club vasco o un club catalán? Evidentemente, no. La decisión socialista del CSD —porque es una decisión política— de descender al Deportivo es, como decimos, una decisión en la que abdica de su responsabilidad y, en lugar de hacer justicia, lo que hace es premiar a los incumplidores y castigar a los inocentes. Pero es que los tiempos exigían una solución que por fuerza tenía que ser política, y la solución fue un absoluto fracaso político. Con su decisión, el CSD, el Gobierno socialista, el PSOE, blanquea todos los conchabeos, los desprecios, las intimidaciones sufridas por Deportivo y deportivismo a manos de Tebas y Fuenlabrada y avala el atropello al Club y a la ciudad. De nada nos vale que ahora ponga en conocimiento de Fiscalía de determinados hechos, que solo faltaría! No se lo vamos a agradecer, es su obligación, pero eso ni resarce al Deportivo —que seguimos en Segunda B— ni tampoco hace justicia.

Pero el fracaso político no ha sido solo del Gobierno socialista de Sánchez, el fracaso político también ha sido del PSOE coruñés. El Deportivo está en Segunda B, no porque haya hecho una temporada péssima —que la ha hecho—, no porque la última jornada se haya celebrado en condiciones en que nunca tenía que haberse celebrado —que también—, está en Segunda B porque el PSOE coruñés no pinta nada para el PSOE nacional ¿Cuántas gestiones se han realizado, y con quién? ¿Cuántas llamadas se hicieron para lograr justicia deportiva? ¿Cuántas reuniones hubo? ¿Cuántas veces se fue a Madrid para hacerse ver y oír? Si no las hubo,



*absoluto. Só temos noticia dunha chamada e mellor que non existise.*

*O Goberno de Sánchez desdeña a nosa cidade cando é necesario diñeiro para os investimentos, pero é que agora tamén desdénanos cando ten que facer xustiza, que non lle custa nin un euro. Non pintamos nada no PSOE nacional.*

*Poderán dicir o que queiran, pero os feitos son os que son: a decisión política do PSOE premia a Tebas e ó Fuenlabrada e castiga ó Deportivo e á cidade. Repito: decisión política. Estamos en Segunda B por unha decisión política socialista, polo nulo peso do PSOE coruñés a nivel nacional e porque o Deportivo está en Segunda B polo desdén permanente do PSOE na nosa cidade, e o colmo deste desdén vén da man do actual Delegado do Goberno, nin más nin menos que exalcalde da nosa cidade, que deixando pasar unha excelente ocasión para quedar calado, como en tantas outras ocasións, nin más nin menos que se manifesta publicamente dando a razón a Irene Lozano e ao CSD, e ponse a camiseta de Pedro Sánchez no canto de poñerse a camiseta da cidade da que (óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención) foi alcalde. Por iso tiña tamén que incluírse nesta declaración.*

*Nestas semanas lemos que vostede, Inés Rey, é a nova María Pita. Mire, María Pita salvou á cidade porque os coruñeses tiveron honra e seguirona. Vostede non pudo salvar o Deportivo porque o seu partido non tivo honra e a desdeñou.*

*Señora alcaldesa de todos, o traxe de*

*injustificable, y si las hubo, un fracaso absoluto. Solo tenemos noticia de una llamada y mejor que no hubiese existido.*

*El Gobierno de Sánchez ningunea a nuestra ciudad cuando es necesario dinero para las inversiones, pero es que ahora también nos ningunea cuando tiene que hacer justicia, que no le cuesta ni un euro. No pintamos nada en el PSOE nacional.*

*Podrán decir lo que quieran, pero los hechos son los que son: la decisión política del PSOE premia a Tebas y al Fuenlabrada y castiga al Deportivo y a la ciudad. Repito: decisión política. Estamos en Segunda B por una decisión política socialista, por el nulo peso del PSOE coruñés a nivel nacional y porque el Deportivo está en Segunda B por el ninguneo permanente del PSOE en nuestra ciudad, y el colmo de este ninguneo viene de la mano del actual Delegado del Gobierno, nada más y nada menos que exalcalde de nuestra ciudad, que dejando pasar una excelente ocasión para quedarse callado, como en tantas otras ocasiones, nada más y nada menos que se manifiesta públicamente dando la razón a Irene Lozano y al CSD, y se pone la camiseta de Pedro Sánchez en vez de ponerse la camiseta de la ciudad de la que (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención) fue alcalde. Por eso tenía también que incluirse en esta declaración.*

*En estas semanas hemos leído que usted, Inés Rey, es la nueva María Pita. Mire, María Pita salvó a la ciudad porque los coruñeses tuvieron honra y la siguieron. Usted no ha podido salvar al Deportivo porque su partido no ha tenido honra y la ha ninguneado.*

*Señora alcaldesa de todos, el traje de*



*María Pita non se pode usar a tempo parcial, non se pode poñer para enfrentarse vía Twitter a Tebas (óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención) (...) en radio e televisión e deixalo no armario cando toca plantarse diante do Goberno e diante do seu partido.*

*E concluío, Coruña non se vende, pero o PSOE é quien nos distiende.*

